



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE ADECUACIÓN DA PRAZA DO CONCELLO NO NÚCLEO DE CERDEDO.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Cerdedo-Cotobade encadrase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e actuacións en materia de entornos urbanos. Pola súa finalidade, esta actuación esta comprendida dentro do obxectivo estratéxico **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Cerdedo-Cotobade o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2018.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Cerdedo-Cotobade, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“adequación da praza do concello no núcleo de Cerdedo”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional





O Concello de Cerdedo-Cotobade trata de promover unha actuación consistente na **“adecuación da praza do concello no núcleo de Cerdedo”**.

O Plan *hurbe* 2014-2017 está incardinado nunha acción global da Xunta en clave de complementariedade con outras accións de equilibrio territorial, tales como o Plan MOVE, de mellora da mobilidade e accesibilidade dos galegos e das galegas, ou as axudas outorgadas aos entes locais para o desenvolvemento de diversos servizos da súa competencia.

A praza constitúe un espazo aberto de encontro e convivencia co que conta a poboación do núcleo de Cerdedo. No ámbito praza existe tamén un parque infantil. Esta circunstancias fan necesaria a actuación para dar seguridade aos seus usuarios.

Preténdese a reestruturación integral da praza, respectando algúns elementos existentes e aumentando as áreas peonís, acoutando as zonas de circulación e aparcamento de vehículos.

Trátase da renovación e ampliación de pavimentos, renovación da rede abastecemento de auga para as vivendas, dotación de rede de alumado público e mobiliario urbano.

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan *hURBE* en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”** contida nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017. María Encarnación Rivas Díaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

